

Unidade 09. Un anuncio de radio

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

Comprensión lectora

O xardineiro misterioso

O xardín era pechado coma un círculo. Entre silveiras altas e mestas que ningún lume ousara disputar, ben ao fondo da quinta, e no centro do xardín, ficaba o invernadoiro coma un segredo abandonado.

En tempos, o invernadoiro fora a sala de visitas do solar das Sete Torres.

Quen, vindo de lonxe, alí chegase, nunca máis volvería ver máis sedosos tulipáns, a coller máis adoradas violetas, a cheirar máis delicado perfume de begonia.

Din incluso que, unha soa vez ao ano, cantaba na árbore máis próxima o dulcinol, que por culpa do seu propio canto apaixonado morría despois.

Como enganan os tempos!

As alamedas polas que agora se encamiñase, distraído, ao pé do visitante, onde levarían?

Foron morrendo as xeracións.

Eses interminables rumores de festa, que a música dos salóns prolongou na alma dos xa mortos señores do Solar das

Sete Torres, son agora ruína, ausencia, soidade. E todo naquela casa mudou.

Coa morte dos fidalgos envellecéron os mordomos. E os cabalos, as alfaias e os damascos non abundaron, case de nada valeron, para pagar as débedas, para calar os acredores.

Tampouco os mármorees etíopes nin a louza oriental.

Polos xardíns, as denegridas estatuas afixéronse a entristecer coa chuvia, e tamén pasaron a sufrir aquelas árbores caídas ás que os bichos e o tempo foron, devagar, roendo o tronco e a raíz.

No centro do xardín abríase tamén o lago. Sobre o espello das augas, toldado aquí e acolá polos limos e nenúfares, debuzábase o invernadoiro.

No medio do invernadoiro ficaba un miradoiro e, na torre máis alta do miradoiro, un reloxo de apagados números, parado no tempo como todo na quinta.

Visto á distancia, o
invernadoiro era cuspidiño á
miniatura dunha cidade
perdida que nas mañás de
brétema, entre ramaxes
bravas, flutuase,
interminablemente no lago.

Coma un soño que os
silenciosos tons de verde non
quixesen interromper nunca
xamais.

Mais isto non era todo no Solar
das Sete Torres. Para servizo
das nobres familias, entrara alí
había moito, moito tempo, un
xardineiro.

E coma todos os que nacen
para ser esquecidos na
memoria dos Señores, era
natural que, no Solar das Sete
Torres, tamén se esquecesen
del.

O xardineiro chamábase
Sidonio e non tiña idade. Aínda
sendo igual a todos os homes,
era en verdade un home
diferente. Sabía das cousas
coma ninguén e sempre tivera
para as plantas coidados
íntimos: coa luz, a cor, o son;
que ningunha simple palabra a
ferise, que ningún sorriso as
manchase; que ningún silencio
as fixese chorar.

Por iso amaba as flores.

Así é todo, Sidonio tiña unha
particularidade: era miope,
inconfundiblemente miope.
Tanto coma os espellos, máis

ca a auga. Tiña por hábito
levantarse ás cinco e irles dar
alpisto ás flores.

A seguir, regaba os paxaros e,
entrementes regaba, ía
dicindo:

—Que ben cantan as miñas
papoulas!

E despois sentaba e
conversaba co sol. Pedíalle
que disipase a nube, que
calmase o vento, que a
ningunha flor lle faltase o seu
perfume.

Polo moito amor que poñía en
todo o que facía, o
invernadoiro era o seu mundo.

Unha mañá de maio o
xardineiro morreu. Polas
saudades que del tiveron, as
papoulas coraron.

E deixaron de cantar.

Vergilio A. VIEIRA

Contos por contar

Tambre. (Adaptación)

Unidade 09. Un anuncio de radio

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

Comprensión lectora

1. Responde as preguntas.

- Quen conta a historia?

A historia é contada por un narrador en terceira persoa

- Que fora o invernadoiro en tempos?

Noutro tempo o invernadoiro fora a sala de visitas do solar das Sete Torres.

- Que sería o *dulcinol*?

Un paxaro.

- Que se abría no centro do xardín?

No centro do xardín abríase o lago.

- Quen entrara alí para servizo das nobres familias?

Un xardineiro entrara no Solar das Sete Torres para o servizo das nobres familias.


- Que lle pasaba

O xardineiro era miope.

- Con que comparaba as flores?

Comparaba as flores cos paxaros.

2. Fai un debuxo do xardín do solar das Sete Torres a partir da descrición que del se fai no texto.



Unidade 09. Un anuncio de radio

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

Coñecemento da lingua

1. Clasifica as seguintes palabras segundo conteñan aumentativos, diminutivos ou despectivos.

amigote cadeliña zapatón feúcha amiguiño animalexo

Aumentativos	Diminutivos	Despectivos

Aumentativos	Diminutivos	Despectivos
zapatón, amigote	cadeliña, amiguiño	feúcha, animalexo

- Engade ti agora dúas palabras máis en cada caso.

Resposta libre

2. Localiza no texto unha palabra con aumentativo, dúas palabras con diminutivos e dúas palabras con despectivos.

O moucho tiña uns ollazos amarelos, case máis grandes ca el, eran como dúas lanternas. O paxaro chegou a un pequeno val, onde había un muiñucho, envolto na néboa que subía do río como un maniño nas sabas. O mouchiño achegouse batendo as suas ás e pousou nunha vella arborucha.



3. Engádelles ás seguintes palabras sufixos aumentativos, diminutivos ou despectivos e forma palabras novas.

cabeza
mesa
becerro
libro
barca

festa
animal
barriga
coche
can

• Agora escribe tres oracións con palabras que formaches

- ---
- ---
- ---

Resposta libre

Unidade 09. Un anuncio de radio

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

Expresión escrita

1. Escribe as diferenzas que se che ocorran entre vivir no rural e na cidade.

Resposta libre

2. Cal das seguintes afirmacións porías nun folleto turístico dunha cidade, e cales, no folleto turístico do rural.

- O mellor xeito de chegar é en coche a través da OU-212. **Rural.**
- Existen tres grandes auditorios nos que hai espectáculos ao longo de todo o ano. **Cidade.**
- Pode chegar en avión, en tren ou por autoestrada. **Cidade.**
- Non conta con hotel, pero pódense alugar casas de particulares. **Rural.**
- Dispón de grandes superficies comerciais con numerosas tendas de moda. **Cidade.**
- A súa actividade económica máis importante é a agricultura. **Rural.**

3. Colle unha foto da túa localidade, completa e elabora un folleto turístico.

Localización:
Historia:
.....
Lugares de interese:
.....
Monumentos:
.....
Comidas típicas:
Aloxamento:
Como chegar: